

ABSTRACCIÓN XEOMÉTRICA (NEOPLASTICISMO)

OBRA: TÁBOA Nº 1

AUTOR: Piet **MONDRIAN** (1872-1944)


CRONOLOXÍA: 1921

ESTILO: Abstracción Xeométrica (Neoplasticismo)

TÉCNICA: Pintura acrílica sobre lenzo

MEDIDAS: 96 cm x 60 cm

LOCALIZACIÓN: Gemeentemuseum, A Haia



MONDRIAN E O NEOPLASTICISMO

A arte abstracta comezou a tomar forma coas primeiras obras de Kandinsky cara a 1910. Consistía en “abstraerse” dos elementos visibles da natureza, o que levaba á liberdade absoluta na elección das cores e no motivo a desenvolver sobre o lenzo. Nun primeiro momento chamouse “Abstracción Lírica” ou cromática e estivo representada por Kandinsky e Klee. A partir de 1913 a Abstracción pasou a denominarse “Abstracción Xeométrica”, encabezada por Malevich e Mondrian. En ámbalas dúas correntes son inexistentes as representacións da realidade e o interese céntrase en experimentos sobre a cor e a composición.

Piet Mondrian (1872-1944) foi un artista holandés que fundou un movemento chamado **Neoplasticismo**, dentro da Abstracción Xeométrica. Tamén fundou a revista *De Stijl* (*O Estilo*), que foi o medio de expresión e difusión de dito movemento. Esta tendencia busca liberar a arte de todo o accesorio para chegar á “arte pura”. Mondrian creou unha nova linguaxe para os seus lenzos, aos que chamou *Composicións*. Caracterízanse por representar formas xeométricas básicas, como o cadrado e o rectángulo, e por utilizar as chamadas “anticores” (branco, negro e gris), e as cores primarias (vermello, amarelo e azul), ás que consideraba cores elementais. Mediante a utilización das formas xeométricas e as cores elementais pretendía chegar a representar a esencia do universo.

Mondrian dá-lle un significado a todo o que pintaba, como na presente obra. A arte de Mondrian está ligada á filosofía, xa que el buscaba nas súas composicións a retícula cósmica, que conseguía mediante a unión do branco e das liñas negras. Propuxo unha nova ordenación xeométrica do mundo en contra da irracionalidade destrutora da Primeira Guerra Mundial. O autor tendía sempre á máxima redución dos elementos integrantes da obra, convertindo as liñas verticais e horizontais e as tres cores elementais en todo o necesario para elaborar os seus lenzos. Caracterízase, polo tanto, pola elementalidade, a racionalidade e a funcionalidade das formas. A liña recta era para Mondrian a que mellor representaba a arte, xa que se desvinculaba da figuración para facer abstracción xeométrica. A arte, segundo el, era como a indagación da realidade, non unha plasmación da mesma. Ao igual que a liña, as cores primarias son o básico. Mondrian escapa de texturas e sensacións, polo que sempre utiliza as cores primarias. Outra característica esencial da súa pintura é a simplicidade. Aparentemente, as súas composicións son sinxelas, pero son o resultado de moitos anos de experimentación e dunha profunda análise filosófica da vida e da arte.

COMENTARIO

Tema. Non existe como tal. Ao igual que ocorre con outras propostas abstractas, o tema desaparece ao concebirse o cadro como unha simple superficie plana de formas e cores. Renunciouse a unha das características propias da pintura clásica: a representación da realidade. Fronte a isto, o pintor pretende unha arte desligada da contorna, unha especie de obxecto autónomo cuxa misión xa non é representativa, ca non é unha xanela á realidade. Esta mesma carácter antifigurativa fai que se prescinda xa no título de calquera tipo de alusión á realidade, numerando por orde de execución os proxectos.

Técnica. Pintura acrílica sobre lenzo, que consegue unha factura máis industrial e, polo tanto, máis autónoma do propio pintor e os seus sentimentos.

Composición. Atópase totalmente rexida por unha estrita xeometría que dispón os planos dun xeito regular, facendo uso de complexas relacións matemáticas. Pola preferencia na utilización das horizontais e verticais, podémola considerar como estática. A posible monotonía de tal organización está rota pola inclusión de distintas posición das figuras xeométricas e a cor.

Debuxo. Mondrian parte da liña recta e grosa como base da composición. A súa función non é a de representar, senón a de separar de xeito nítido as distintas cores empregadas.

Cor. Utilízanse só as cores primarias (vermello, azul, branco, amarelo) máis o branco e negro. Ditas cores son planas (sen influencia da luz) e dunha tonalidade continua e bastante saturada (intensidade forte). Ao igual que a liña, tampouco pretenden describir nada do real. Son cores en si mesmas que se ofrecen ao espectador en bruto.

Pincelada. O acabado da obra busca non amosar ningún rasgo persoal. Non se advirten as pinceladas e todo réxese por un constante afán de impersonalización que se alonxa do artesanal.

Atopámonos ante unha das propostas máis radicais do movemento abstracto do S.XX, onde a figuración desaparece por completo. Deste xeito, o cadro convértese nun obxecto autónomo da realidade que posúe as súas propias leis internas. Entre elas figuran, ante todo, a orde e claridade que propugnaba todo o grupo neoplasticista encadrado en torno á revista *De Stijl*. Xa non se pretende representar o real, e o interese céntrase en crear unha nova realidade, unha arte pura que exemplifique unha idea de equilibrio total. Eliminando o particular, o autor busca leis baseadas na xeometría e a cor pura que transmitan, máis que unha emoción, unha idea de harmonía. Neste sentido, o obxectivo último é crear todo un novo ambiente ao home que o devolva á orde e ao equilibrio. De feito, o cadro pensábase para un lugar concreto, en relación coa arquitectura e ata o propio mobiliario, o que estaría adiantando unha idea tan actual como a do deseño como xeito de mellorar a vida cotiá. Estas ideas remaranse aplicando á arquitectura, con planos que interseccionan, como un cadro de tres dimensións.